

IMOS CAZAR UN OSO

Versión de **MICHAEL ROSEN**

Ilustracións de **HELEN OXENBURY**

Tradución de **SANDRA e ÓSCAR SENRA GÓMEZ**

Encadernado en cartóné. 28,5 x 25,5 cm. 40 páx. 16,50 €

Imos cazar un oso (galego)

ISBN 978-84-8464-803-1. Tras os montes.

Hartza ehlizatza goaz (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-735-3. Kalandraka-Pamiela.

Imos cazar un oso, un oso grande e fabuloso.

Oh, que fantástico día! Ninguén lle ten medo ao oso!

Oh-ooh! Herba! Herba alta e mesta.

Por riba non podemos pasar. Por baixo non podemos pasar.

Oh! Non! Terémola que atravesar!

Un pai e os seus catro fillos inician unha aventura que os levará a ir atravesando un campo de herba, un río, un bosque... ata que finalmente chegan a unha cova na que aparece un oso que os fai fuxir desandando a toda prisa o camiño de volta á casa. A partir dunha canción tradicional, Michael Rosen elabora un texto sinxelo cunha estrutura rimada e repetitiva que, no clímax do relato, invirte a orde de todas as accións. É un álbum ideal para primeiros lectores. Ao intercalar onomatopeas que describen os movementos da familia, resulta un conto moi dinámico. Ademais, recrea un ambiente sonoro propicio para ser contado e para involucrar o público infantil na narración.

Dende o punto de vista artístico, "Imos cazar un oso" comeza na mesma portada e, incluídas as gardas, ofrece acuarelas a dobre páxina que enchen a vista con paisaxes e panorámicas nas que destaca a representación da natureza. Helen Oxenbury -que para crear os personaxes inspirouse nos seus fillos e mesmo no seu propio can- fai un xogo visual ao alternar imaxes en branco e negro con ilustracións en color para diferenciar os planos nos que a familia se dispón a afrontar cada obstáculo, coas escenas nas que se describe como van evolucionando os protagonistas. Son ilustracións que van mudando de tons luminosos e lixeiros a cores densas e escuras a medida que se vai acrecentando o suspense para volver á claridade do fogar.



■ **Temática:** as aventuras dunha familia.

■ **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** estrutura repetitiva e rimada; os medos, o campo, os animais, os fenómenos meteorolóxicos, o tempo de lecer en familia; onomatopeas, efectos sonoros, humor, motricidade.

Michael Rosen

(Harrow, Middlesex, 1946)

Ao rematar os estudos no Wadham College de Oxford, en 1969 empezou a traballar na BBC e foi guionista de programas infantís educativos. En 1974 publicou o seu primeiro libro de poesía para nenos. Nos 90 completou a súa formación sobre literatura infantil nas Universidades de Reading e North London. Impartiu clases na Universidade de Londres. Presenta un magazine radiofónico na BBC. Ten recibido numerosos premios, como o Children's Laureate en 2009, e recoñecementos académicos nas Universidades de Exeter, Nottingham e East London, entre outras. Foi nomeado Cabaleiro das Artes e das Letras polo goberno francés. En 2010 a Unión Nacional de Profesores concedeulle o Premio Fred e Anne Jarvis. www.michaelrosen.co.uk

Helen Oxenbury

(Ipswich, Suffolk, 1938)

A pintura interesoulle dende moi nova. Estudou na Escola de Arte de Ipswich e na Escola Central de Arte e Deseño de Londres, onde coñeceu o que sería o seu home, o autor e ilustrador John Burningham. Traballou como deseñadora e escenógrafa en compañías de teatro, na cadea de televisión ABC e nos estudos cinematográficos Shepperton. Dende 1967 desenvolveu unha importante carreira como autora e ilustradora de libros infantís. Vendeu millóns de copias dos seus títulos, convertidos en clásicos actuais do seu xénero. Gañou en dúas ocasións a Medalla Kate Greenaway e o Premio Kurt Maschler, e ata tres veces o Premio Smarties Book; a súa obra foi distinguida pola Asociación Británica de Bibliotecarios. É unha das creadoras máis valoradas polos expertos en LIX do seu país.

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com